

10/12/2018 13:31:36

(+34) 981 56 97 40

Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña

info@comisiondatransparencia.gal

www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAIDA

Data: 10/12/2018 13:31:36
15652/18

Secretaría Xeral Técnica da Consellería de
Sanidade
Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Reclamante: [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 0114/2018**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] mediante escrito do 2 de outubro de 2018 que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 3 de outubro, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 2 de outubro de 2018, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a contestación do 27 de setembro de 2018, da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, da súa solicitude de información referente á a persoa que dirixe a Unidade, e dos profesionais concretos que a forman (os seus nomes e cualificacións profesionais) da Unidade Centralizada de Atención á Transexualidade, adscrita ao Servizo de Endocrinoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

O reclamante manifesta que a resposta á súa solicitude foi fora do prazo legal previsto e que non contén os extremos nos que a petición se expresaba, dado que non se recolle o nome das persoas encargadas da Unidade, senón unicamente, e de xeito xenérico, a súa filiación, o que non permite comprobar as súas referencias laborais, experiencia na materia, idoneidade para o posto que ocupan, é dicir, impídese a avaliación externa ou fiscalización dun dato, por natureza, público. Así mesmo, o reclamante manifesta que non entende que o nome da Unidade pase a ser "de disforia", cando na Instrución de creación este termo non existe, e entende que se trata dun erro.

O escrito viña acompañado de copia da súa solicitude dirixida á Consellería de Sanidade, a contestación da referida Consellería á súa solicitude e copia do seu DNI.

Segundo. Con data 4 de outubro de 2018, déuselle traslado da documentación presentada polo reclamante á Consellería de Sanidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, remitise informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 11 de outubro de 2018, sen que a Consellería remitise o informe e expediente solicitado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece na súa art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o

seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

De acordo co anterior, e dado que no presente caso a notificación da contestación á solicitude de acceso á información foi o 2 de outubro de 2018 segundo manifesta o reclamante, circunstancia esta que non se pode comprobar ao non remitir a Administración copia do



expediente, e a reclamación presentouse con esa mesma data, debe admitirse por estar en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O dereito de acceso á información regulado pola Lei 9/2013, esta configurado como un dereito de amplo ámbito obxectivo e subxectivo e, especialmente, o concepto de información pública e, por tanto obxecto dunha solicitude de información comprende todo contido que obre en poder dun organismo suxeito á norma, polo que pode ser obxecto dunha solicitude de información calquera información que posúa o organismo ou entidade

O obxectivo final da normativa vixente en materia de transparencia é o escrutinio da acción pública para trasladar á cidadanía interesada o coñecemento do proceso de toma de decisións como medio de rendición de contas dos responsables públicos, e desde esa perspectiva deben ser analizadas as solicitudes de acceso á información que teñan o seu amparo na mesma.

No presente caso a solicitude de información refírese de forma moi clara á identificación e cualificacións dos profesionais que forman a Unidade Centralizada de Atención á Transexualidade, adscrita ao Servizo de Endocrinoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, información que dende o punto de vista anterior deben ser considerada como información pública e que non foi proporcionada ao solicitante.

De conformidade co disposto no artigo 19.3 da Lei 19/2013, por afectar a información a dereitos ou intereses de terceiros, deberá concedérselles aos profesionais que forman parte da unidade un prazo de quince días para formulara as alegacións que consideren oportunas, e no seu caso, proporcionar ao solicitante a información da súa cualificación profesional, unicamente a referida á que fora esixida como requisito imprescindible para formar parte da dita unidade.

A Consellería de Sanidade non remitiu o informe e o expediente solicitado por esta Comisión, polo que lémbbraselle, de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei 1/2016, a súa obriga de facilitar á Comisión a información que se lle solicite para o correcto cumprimento das súas funcións en materia de transparencia.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data 3 de outubro de 2018, contra a contestación pola Consellería de Sanidade da súa solicitude de acceso á información referente á identificación e cualificacións dos profesionais que forman a Unidade

Centralizada de Atención á Transexualidade, adscrita ao Servizo de Endocrinoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.


Segundo: Instar a Consellería de Sanidade, a que, unha vez finalizado o prazo de alegacións aos interesados, nun prazo máximo de 15 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar a Consellería de Sanidade, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío da información solicitada polo reclamante.

Contra esta resolución que poñen fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia



Milagres Otero Parga